



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO  
CONCELLO O DÍA VINTE E TRES DE XUÑO DO DOUS MIL OITO.**

**ASISTENTES:**

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. Melchor Roel Rivas

**CONCELLEIROS:**

D<sup>a</sup>. María Loureiro García, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isabel Rodríguez López, D. Rafael Luis Fernández Amor, D<sup>a</sup>. Olga María Méndez Carro, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D<sup>a</sup>. María Concepción Toral Romero, D. Vicente Hermida Rodríguez, D. Guillermo Leal Arias, D<sup>a</sup>. Raquel Atadell Giz, D. Jesús Fernández Fernández, D<sup>a</sup>. Vanesa Rego Martínez, D. Juan José Pardo Gato, D. José Antonio Goás Basanta e D. Orlando Expósito Mariño.

**XUSTIFICAN A SÚA AUSENCIA**

D<sup>a</sup>. María Carmen Gueimunde González  
D. Celestino V. García Paz

**SECRETARÍA**

D<sup>a</sup>. Sara Martínez Álvarez

**INTERVENTOR**

D. Fidel García Martul

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do vinte e tres de xuño do dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria, D<sup>a</sup>. Sara Martínez Álvarez e o Interventor, D. Fidel García Martul, celébrase a sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde declárase aberto o mesmo.

1º.- **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DO  
REGULAMENTO XERAL DOS SERVIZOS MORTUORIOS.**

Aberta a quenda de intervencións, non se producen, polo que se procede a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (quince), o que supón da maioría absoluta do número legal dos membros, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o Regulamento Xeral dos servizos mortuorios que, textualmente, dí:



## **"REGULAMENTO XERAL DOS SERVICIOS MORTUORIOS**

### **CAPITULO I**

#### **DISPOSICIONS XERAIS**

**Artigo 1º.-** É obxecto deste regulamento a regulación dos servizos mortuorios no termo municipal de Viveiro e en especial os seguintes:

- Cemiterio municipal de Viveiro.

**Artigo 2º.-** A falta de disposicións expresas neste Regulamento, haberá que aterse ó disposto nas normas dictadas polo Estado e a CC.AA. sobre a mesma materia.

### **CAPITULO I**

#### **DO CEMITERIO MUNICIPAL**

**Artigo 3º.-** O Cemiterio municipal de Viveiro rexerá no seu funcionamento polas disposicións do presente capítulo, sendo así mesmo de aplicación, no non previsto por este, o Decreto 2263/1974, do 20 de xullo, o Regulamento de Cemiterios de Galicia, aprobado polo Real decreto 133/82, do 4 de novembro e demais disposicións vixentes na materia.

**Artigo 4º.-** O Cemiterio municipal está dotado dos seguintes servizos:

- Dependencias para o persoal e material municipais.
- Servizos públicos.
- Sepulturas de terra e parede para enterramentos.

**Artigo 5º.-** Correspóndelle ó Concello:

- O coidado, limpeza e acondicionamento das instalacións existentes no Cemiterio.
- A prestación dos servizos, conforme ás normas reguladoras dos mesmos e tralo pagamento das taxas correspondentes.
- A observancia de cantas medidas hixiénico-sanitarias se establezan legalmente.
- Outorgamento de concesións administrativas de parcelas para a construción de sepulturas e nichos xa construídos.



- Rexistro de defuncións.
- Rexistro actualizado de sepulturas e concesionarios.
- Organización e control do persoal adscrito ó mesmo.

**Artigo 6º.-** As tarifas por prestación de servizos no Cemiterio de Altamira, serán fixadas pola ordenanza reguladora que a Corporación aprobe para cada exercicio económico.

**Artigo 7º.-** As dependencias do Cemiterio Municipal de Altamira, permanecerán abertas ó público durante tódolos días, segundo o seguinte calendario:

- Dende o 1º de xaneiro ata o 31º de decembro, de 09:00 a 18:00.
- Salvo caso de soterramento.

**Artigo 8º.-** As dependencias do cemiterio serán atendidas por un *encargado, sepultureiros e operarios* previstos no cadro de persoal, aprobado para cada ano, segundo as disposicións legais vixentes.

**Artigo 9º.-** Á fronte das instalacións estará un encargado que se encadrará dentro da estrutura orgánica do Concello, baixo a dependencia do servizo competente.

**Artigo 10º.-** Serán funcións do **encargado-sepultureiro**:

- A custodia e maila conservación de tódalas instalacións do cemiterio.
- Apertura e pechamento do cemiterio no horario previsto no artigo 7º, tendo especial coidado na hora de peche de que tódalas dependencias queden cerradas e en orde.
- Dar conta á Alcaldía, a través do Negociado de Cemiterio, das irregularidades ou deterioracións que observe diariamente nas instalacións.
- Vixilancia e control do estado de limpeza, tanto dos paseos e zonas arborizadas, coma das instalacións do servizo ( conserxería, etc.), velando polo cumprimento das normas hixiénico-sanitarias dentro do recinto.
- Será responsable de tódalas chaves do establecemento- que estarán ó seu cargo exclusivo-, así como das ferramentas e material adscrito ó servizo, do que levará inventario diario.
- Na(s) sección(s) reservada(s) para enterramentos comúns, procurará que a terra estea sempre rasanteada e desprovista de pedras e malas herbas, que deberán ser retiradas para a entulleira.
- Coidará de que os materiais que se necesitan para as obras dos concesionarios non entorpezan o paso nin causen danos nas instalacións existentes.



-Non permitirá ningún enterro, traslado de restos ou calquera tipo de obras, sen a presentación da autorización expedida polo Negociado de Cemiterio (Alcaldía).

-Fará un especial seguimento da realización das obras, coidando que se axusten tanto ó permiso concedido, coma, noutra orde, ós límites estrictos da parcela. Para iso, deberá replantea-la parcela na que se vaia construír segundo os datos planimétricos, sinalándolles ós interesados os límites da mesma mediante a fixación de estacas nos catro ángulos. En caso de dúbida, será requirido informe dos Servicios Técnicos competentes.

-Terá baixo a súa custodia tódolos documentos que reciba do negociado, sexan permisos de obras, enterros, etc., que deberá conservar cronoloxicamente e por conceptos.

-En xeral, terá baixo a súa responsabilidade que tódolos enterros, traslados e servizos realizados no Cemiterio Municipal se axusten ó disposto no presente regulamento.

-Levanta-los restos, face-los enterramentos, exhumacións e tódolos demais propios da súa profesión, sempre que cumpran coa normativa vixente de sanidade, independentemente dos de asistencia e colaboración ó encargado nas funcións da súa competencia. Así mesmo, dirixirán ó persoal auxiliar que os asista na súa función.

-Levanta-los restos, exhumacións, etc., faranse en presenza dos familiares e previa solicitude no Concello de Viveiro.

**Artigo 11º.-** Os **axudantes-operarios**, independentemente de realiza-las funcións de operario, asisten ó sepultureiro nas tarefas nas que estean especializados.

- Os axudantes-operarios realizarán, baixo a supervisión dos seus superiores, traballos que non requiran especial cualificación.

**Artigo 12º.-** O Cemiterio está parcelado segundo planimetría oficial existente e subdividido en cuadros, grupos, seccións, etc.

**Artigo 13º.-** As parcelas do Cemiterio poderán ser destinadas para os seguintes usos:

-Construcción de sepulturas en profundidade.

-Construcción de nichos de superficie, donde se poidan facer ou donde o terreo o permita.

-Construcción de panteóns.

En todo caso, as construcións deberán axustarse ó estipulado na normativa reguladora que corresponda.



**Artigo 14º.-** Dentro das seccións destinadas a sepulturas de terra, en cada parcela poderase construír, trala autorización municipal ó seu concesionario/a, ata un máximo de tres corpos en profundidade.

**Artigo 15º.-** Os nichos elevados que constrúa o Concello terán un máximo de cinco alturas e os seus corpos poderán ser obxecto de concesión individual ou conxunta.

**Artigo 16º.-** O Concello reservará dentro destes o número necesario, non inferior a catro corpos, para atende-las urxencias que se produzan, sendo regulada a súa concesión nos termos previstos no artigo 38º do presente Regulamento.

**Artigo 17º.-** Así mesmo, permitirase a construción de panteóns nos terreos especificamente acoutados para este fin no plano parcelario xeral e de conformidade coa normativa legal vixente en materia de cemiterios.

**Artigo 18º.-** Cando as circunstancias así o aconsellen e tralo informe do Xefe de Servicio, poderase aprobar por Decreto da Alcaldía o cambio de uso das distintas seccións do cemiterio.

**Artigo 19º.-** O Concello disporá dun número non superior a dez sepulturas nos cadros construídos para efectuar enterros comúns e de restos anatómicos ou fetos procedentes de distintos centros hospitalarios.

Dentro destas sepulturas deberán estar dispoñibles en todo momento seis fosas, para cubrir calquera eventualidade que inesperadamente se produza.

**Artigo 20º.-** As parcelas destinadas para usos comúns (fosa común) non poderán ser obxecto de concesión administrativa, ampliándose o dereito de ocupación das mesmas a un período de 5 anos, transcorrido o cal, os restos poderán ser retirados ó osario, quedando a parcela disposta para a súa nova utilización.

**Artigo 21º.-** Serán gratuítos os enterramentos das persoas indixentes ou que teñan dereito á percepción de salario social.

Estes enterros concertaranse a través dunha entidade funeraria, que actuará conforme ó establecido no artigo 6º do presente regulamento.

**Artigo 22º.-** Serán, así mesmo, gratuítos os enterramentos de membros anatómicos ou fetos procedentes de centros hospitalarios dependentes do Servicio Galego de Saúde.

**Artigo 23º.-** Non se poderá realizar ningún enterramento sen que medie autorización expedida polo xulgado competente.



**Artigo 24º.-** Unha vez efectuada a inhumación, a sepultura non se poderá abrir ata que transcorra o prazo regulamentario, salvo naqueles casos nos que a autoridade sanitaria ou xudicial así o dispoñan.

**Artigo 25º.-** Cando o enterramento teña lugar nunha sepultura ocupada con restos, procederase no mesmo acto á súa redución, sempre que se cumpran os prazos regulamentarios e as condicións hixienicos sanitarias.

**Artigo 26º.-** Salvo as reservadas para usos comúns, as parcelas do cemiterio serán outorgadas en concesión administrativa, suxeitándose o seu uso, tenza e transmisión ás disposicións legais vixentes.

A transmisión dos dereitos do concesionario, xa sexa "inter vivos" xa "mortis causa", terá que autorizala o Excmo. Concello de Viveiro.

**Artigo 27º.-** As concesións de nichos ou terreos para construción de sepulturas en profundidade ou panteóns seran periódicas, sendo o seu máximo de 99 anos -dentro do previsto no art. 79 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Decreto 1372/86, do 13 de xuño-, ou ata a clausura do cemiterio, no caso de que tivese lugar antes do remate da concesión.

Neste caso, o titular da concesión -ou os seus herdeiros-, poderán obter unha concesión equivalente no novo cemiterio, nas condicións que previamente se sinalen.

Finalizado o prazo máximo de concesión, os titulares da mesma terán dereito preferente a que se lles adxudique novamente a parcela, cando a entidade das obras realizadas e as circunstancias así o aconsellen.

**Artigo 28º.-** A concesión de parcelas, sepulturas, panteóns ou nichos de parede outorgaranse por un prazo de VINTECINCO ANOS, renovable en períodos iguais.

A concesión de nichos que se outorguen por razón de urxencia (alquiler), segundo o disposto no artigo 38º do presente Regulamento, será de CINCO ANOS, prorrogable por períodos anuais, e terá unha vixencia máxima de DEZ ANOS.

**Artigo 29º.-** Na solicitude de concesión farase constar a preferencia en canto á zona ou sección, dentro da que os nichos ou sepulturas se outorgarán correlativamente.

A este respecto, e co obxecto de que o negociado coñeza con exactitude a situación de cada sepultura ou nicho, estes deberán estar suficientemente documentados con planos de situación actualizados e co asesoramento técnico que en cada momento requiran.

**Artigo 30º.-** Recibidas as solicitudes, o negociado remitiraas ó informe do Encargado para que no prazo de DEZ DÍAS o emita en relación á situación da parcela ou nicho solicitado.



**Artigo 31º.-** Obtidos os informes precisos, outorgarase a concesión por resolución da Alcaldía, que será notificada legalmente ó interesado, sendo expedido o correspondente título de concesión, no que deberán constar: nome e datos identificativos do titular, período de vixencia da concesión e datos identificativos da parcela ou nicho obxecto da mesma.

Os títulos de concesión deberán ir sempre referidos a persoas físicas, autorizándose un só titular por parcela ou nicho construído.

**Artigo 32º.-** A liquidación de taxas-que se fará de acordo co estipulado na ordenanza fiscal de taxas por servizos no cemiterio vixente en cada momento, aprobarase, así mesmo, por resolución da Alcaldía e seralle notificada ó interesado, que, no prazo de 15 días dende o recibo da mesma, deberá facer efectivo o seu importe.

**Artigo 33º.-** Satisfeitos os dereitos, o interesado poderá retirar-lo título ó seu nome, do que deberá quedar oportuna constancia no expediente instruído para o efecto.

**Artigo 34º.-** O exercicio de dereito sobre as parcelas acreditarase pola resolución municipal da concesión, pola súa inscrición no Libro de Rexistro de Cemiterios, ou polo título administrativo correspondente. Terá, para tódolos efectos, presunción de veracidade o inscrito no Rexistro, salvo proba en contrario.

As concesións do cemitério figuran nun libro-rexistro que se levará na dependencia correspondente e ademais nun plano xeral do cemitério, documentos que estaran sempre a disposición do público na devandita dependencia.

**Artigo 35º.-** En caso de que as parcelas ou nichos existentes non cubran a demanda sobre os mesmos, as solicitudes pasarán a unha lista de espera, outorgándose as concesións das parcelas ou nichos libres por rigorosa orde de presentación de instancias.

**Artigo 36º.-** As concesións administrativas sobre nichos ou sepulturas construídos en reserva para casos de urxencia tramitaranse cando se produza falecemento dunha persoa que, non sendo titular de concesión ningunha – ou, de selo, teña a sepultura totalmente ocupada con restos de menos de 5 anos ou que ditos restos non reunan as condicións hixienico sanitarias-, non conte con sepultura para o seu enterramento. Neste caso, haberá que axustarse ó seguinte procedemento :

- Poderá ser autorizada, trala presentación previa de licenza de enterramento, a ocupación do nicho ou sepultura construído, con carácter previo á concesión, sempre que se presente a oportuna solicitude, que se realizará (preferentemente por parente de primeiro grao) antes da ocupación, proseguindo posteriormente a tramitación habitual establecida no presente regulamento para as concesións.

-A concesión por urxencia (alquiler) levará implícita a obriga de retirar-los restos ó finaliza-lo período de vixencia da mesma. Se non fosen retirados, o Concello



procederá ó seu traslado ó osario común e á habilitación do nicho ou sepultura para novos enterramentos.

- Caducará no suposto previsto no artigo 52º.

**Artigo 37º.-** A condición de titular acreditarase mediante calquera das fórmulas recollidas no artigo 36º.

**Artigo 38º.-** Serán dereitos do concesionario:

-Facer uso da sepultura, enterramento na mesma a familiares ou outras persoas achegadas, conforme ó establecido legalmente.

-Realiza-la construción da sepultura na parcela da que é concesionario e colocalos adovíos autorizados, trala solicitude do permiso regulamentario. Colocarase ademais, lápida ou o demais que se pretenda emplear na construción, onde apareza claramente expresado o nome do concesionario.

-En caso de perda ou deterioración do título de concesión, poderá solicita-la expedición dun duplicado, trala oportuna publicidade da solicitude.

Estes duplicados non poderán ser expedidos en caso de falecemento do titular.

**Artigo 39º.-** Son deberes do concesionario:

-Proceder no prazo máximo de tres meses, en caso de parcela simple -e seis meses, en caso de panteóns-, á construción das sepulturas conforme ó permiso de obras expedido polo Concello, someténdose á inspección municipal das mesmas.

-Aboamento das taxas e retirada do título no prazo que se indique regulamentariamente.

-Solicita-la renovación da concesión con tres meses de antelación á finalización do período estipulado en cada caso.

-Mante-las instalacións existentes na parcela da que sexa concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza. Solicitarase a perceptiva licencia de obras cando estas se leven a cabo a excepción dos traballos encamiñados a conservación e ornamentación, tales como o pintado, marmoleado etc., sempre que non impliquen a modificación estrutural da sepultura, panteón ou nicho, e que non afecte os lindeiros da mesma. Quedando prohibido colocar ningún tipo de ornamentación no tellado dos nichos.





-A persoa posuidora do título da concesión está obrigada a poñer en coñecemento da Alcaldía calquera transmisión que das permitidas neste documento tivese lugar, así como os que adquiran por legado ou herdanza, para a correspondente toma de razón, circunstancia sen a cal o Concello non permitirá o uso do mesmo.

- Cando sexa necesario facer algun soterramento no/s nicho/s a que o título da concesión administrativa se contrae, será preciso presentar o documento (título) ao encargado do cemiterio antes do soterramento e logo na oficina correspondente, para anotar a devandita inhumación.

-Cumprir con tódalas normas previstas no presente regulamento e as demais que se establezan legalmente.

**Artigo 40º.-** A concesión entendese outorgada expresamente para dar sepultura a restos humanos, de conformidade coas leis de Sanidade vixentes.

Non poderán soterrarse en estas concesións mais cadáveres que os pertencentes a familia do adquirente do nicho ou nichos o que se contrae o título da concesión administrativa, e polo tanto esta prohibición refírese a todas aquelas persoas que non estean ligadas con lazo algún de parentesco co dono da sepultura.

**Artigo 41º.-** A titularidade das concesións administrativas será modificada nos seguintes casos:

1. Por falecemento do titular.
2. Por transmisión "inter vivos", a solicitude do titular.

En ámbolos dous casos, non se considerará como unha nova concesión, senón como unha modificación na titularidade da existente, polo que non suporá unha interrupción no período da concesión orixinal, que se computará sempre a partir do outorgamento da concesión ó primeiro concesionario.

**Artigo 42º.-** Ademais das transmisións de herdanza, legado uo sucesión, intestado ou adjudicación nos herdeiros, recoñécense como validas as concesións a título gratuito entre parentes dentro do cuarto grado, según o cómputo de dereito común.

	<b>1º GRAO</b>	<b>2º GRAO</b>	<b>3º GRAO</b>	<b>4º GRAO</b>
	PAIS/SOGROS	AVÓS(de ambos)	BISAVÓ	
TITULAR	FILLOS	IRMÁNS/CUÑADOS	TÍO	CURMÁN
		NETOS	SOBRIÑO	
			BISNETO	



Se o concesionario non deixase sucesión comprendida dentro do cuarto grado en liña directa e non fixese uso do consignado na condición anterior, o nicho ou nichos pasaran a reverter no Concello.

**Artigo 43º.-** 1.- Ocorrido o falecemento do titular, a concesión administrativa poderá pasar a aquel que posúa os dereitos sucesorios, quen deberá, no prazo de DOUS ANOS dende o óbito, solicita-lo cambio de titularidade ó seu favor.

No caso de que sexan varios os herdeiros, estes, trala acreditación previa desta condición, terán que comunicar por escrito, neste mesmo prazo, cal será o que acceda á condición de titular, quen, así mesmo, xuntará a correspondente solicitude.

No suposto de que a familia do falecido estea tramitando a declaración de herdeiros ab intestato, substituirase a solicitude de cambio de titularidade por unha comunicación desta circunstancia. Neste caso, o prazo da solicitude será de DOUS ANOS a contar dende a data de declaración de herdeiros.

2.- Transcorrido este prazo sen producirse tal solicitude, iniciarase expediente para a invalidación do título de concesión, sendo clausurada a sepultura, non podendo realizarse máis enterramentos na mesma ata a fin do período de concesión, momento no que, cos límites previstos no artigo 26º, a sepultura reverterá ó Concello, quedando á súa libre disposición.

3.- En caso de nova concesión sobre estas sepulturas, os novos concesionarios deberán aboar, ademais das taxas correspondentes ó valor do terreo, a cantidade que en cada caso se determine en función da valoración técnica das construcións existentes na mesma.

No caso de que se trate de herdeiros dos primitivos titulares, a liquidación atingirá só ás taxas polo valor dos terreos, pero non á liquidación das construcións existentes na sepultura.

**Artigo 44º.-** A solicitude de cambio de titularidade, que deberá conte-los datos identificativos da concesión e da parcela ou nicho de que se trate, presentarase no Rexistro Xeral acompañada de fotocopia do título de concesión e certificado de defunción do titular. Ademais achegará :

- Copia autenticada do testamento do concesionario ou declaración de herdeiros.
- Copia simple do testamento e certificación de derradeiras vontades.
- Declaración de herdeiros abintestato, no seu caso.

**Artigo 45º.-** Satisfeitos os dereitos que sexan de aplicación, o interesado poderá retirar-lo título ó seu nome, para o que deberá facer entrega do anterior orixinal.



**Artigo 46º.-** Todo concesionario poderá efectuar cesión dos seus dereitos sobre a sepultura en favor dun terceiro.

Para iso, ademais de formula-la correspondente solicitude, será preciso efectuar -na data e hora que se sinalen-, unha comparecencia conxunta de cedente e cesionario no Negociado de Cemiterio, na que se fará consta-la intención do primeiro de efectua-la cesión, así como a aceptación do novo titular co compromiso de cumprir coas obrigas derivadas da súa nova condición, facéndose cargo das taxas que lle corresponda aboar, segundo a ordenanza en vigor.

**Artigo 47º.-** O nicho/s ou sepultura/s concedidos non poden ser obxecto de venda ou transmitíndose soamente pola via de sucesión ou herdanza, previa solicitude elevada o Excmo. Concello de Viveiro. Esta circunstancia esencial farase constar no documento que legalice a concesión, calquera que sexa o seu carácter, e o seu cumprimento obriga de tal modo o concesionario, que o faltar o prescrito constitúe causa de anulación do título de concesión quedando a beneficio do Concello de Viveiro as construcións que na sepultura/s ou nicho/s se fixeran e sen mais dereito por parte do concesionario que a devolución do importe aboado no seu momento.

**Artigo 48º.-** Unha vez transcorridos VINTECINCO ANOS -e dentro do límite máximo de NOVENTA E NOVE-, terá lugar a renovación da concesión por igual período de tempo.

Para iso, o titular deberá solicitalo con tres meses de antelación a que remate o período da concesión. De non se cumprir este trámite, e a partir desta data, a concesión quedará de libre disposición do Concello sen prexuízo do disposto no artigo 26º.

Calquera modificación na titularidade da concesión que se pretenda introducir neste momento, deberá axustarse ó disposto nos artigos 40º e seguintes deste regulamento.

**Artigo 49º.-** Os concesionarios de sepulturas, nichos ou panteóns, terán dereito, trala solicitude debidamente cumprimentada e presentada no Concello de Viveiro e o aboamento das taxas que correspondan segundo o disposto no artigo 34º deste regulamento, á prestación dos seguintes servizos:

- Enterramentos nas sepulturas das que sexan titulares.
- Exhumacións das mesmas.
- Traslados dos restos para outra sepultura do mesmo cemiterio.
- Retirada ou redución de restos para o cinseiro si procede.
- Calquera outro que o Concello estableza.



**Artigo 50º.-** Para a realización das obras de construción, instalación de adovíos, reformas ou reparacións nas sepulturas, nichos ou panteóns, o interesado deberá presentar no Rexistro Xeral solicitude do permiso correspondente, acompañada de fotocopia de título actualizado acreditativo da súa condición de concesionario da parcela na que pretenda obrar, permiso que será tramitado no Negociado de Urbanismo.

A solicitude será resolta pola Xunta de Goberno Local que deberá ser notificado legalmente ó interesado, o cal, unha vez aboadas as taxas que correspondan conforme á liquidación que segundo o disposto no artigo 34º se realice, poderá retirar, en duplicado exemplar, o permiso expedido.

O encargado do cemiterio velará porque toda obra que se realice dentro do seu recinto se axuste ó estipulado no permiso concedido, para o cal o interesado deberá entregarlle o exemplar existente para tal fin.

**Artigo 51º.-** Toda concesión caducará trala instrucción previa do oportuno expediente, quedando á libre disposición do Concello nos seguintes casos :

- Polo transcurso do prazo de 25 anos que se establecen con carácter xeral para as concesións ordinarias de nichos, sepulturas ou panteóns.

- Nos casos de concesión por urxencia (alquiler), pola desaparición do obxecto da concesión, entendéndose como tal o traslado dos restos antes do cumprimento do prazo da concesión.

- Pola morte do titular, sempre e cando non fose enterrado no nicho, sepultura ou panteón obxecto da concesión e non existan herdeiros do mesmo, sen prexuízo do disposto no artigo 39º.

**Artigo 52º.-** Trala instrucción de expediente coas garantías legais que se establezan, as concesións administrativas reverterán ó Concello nos seguintes casos:

- Polo transcurso de UN MES dende a finalización do prazo para retirar-lo título de concesión e aboamento dos dereitos correspondentes sen que se faga efectivo o seu importe, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incorre-lo titular.

- Polo estado ruinoso dunha edificación, tralo expediente de ruína instruído para o efecto.

- Polo estado de abandono acreditado en expediente tramitado para o efecto.

### **DISPOSICIONS TRANSITORIAS**

No prazo de TRES ANOS, tódalas concesións administrativas haberán de axustarse ás condicións sinaladas no presente regulamento. A Alcaldía estará facultada



para adoptar cantas resolucións considere necesarias para a mellor execución da presente disposición.

### **DISPOSICION FINAL**

Unha vez aprobado definitivamente, o presente regulamento entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Expoñéndose ó público polo prazo de 30 días, entrando en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes.

*(Facultar ampla e expresamente á Alcaldía para a maior axilidade e eficacia dos anteriores acordos.)”*

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Recadación municipal á persoa encargada dos trámites relacionados co cemiterio, para a publicación do Edicto da aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia e a exposición ao público do Regulamento para a presentación de reclamacións e suxestións no período de trinta días, ao término dos cales, sen presentarse reclamacións, haberá que publicar o dito texto íntegro do Regulamento no citado Boletín.

### **2º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CESIÓN A ASPANANE DO USO DA NAVE DE LAVANDEIRAS.**

Por Secretaría, previa autorización polo Sr. Alcalde para intervir, indícase que emitíu o informe sobre a tramitación que é preceptivo realizar, previamente a acordar definitivamente a cesión da nave de Lavandeiras a ASPANANE, xa que se trata dunha proposta que pola materia a que se refire, require, para a adopción do acordo, o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros.

Polo Sr. Alcalde indícase que ASPANANE require dispoñer do uso dese espazo para poder negociar coa Xunta de Galicia, as subvencións a que pode acollerse dita Asociación. Sinalando, a seguir, que se reflicta na proposta da Alcaldía que figura na Orde do Día.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese a do Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, que manifesta que seu grupo atópase de acordo coa cesión a ASPANANE, sempre que se leven a cabo os trámites que se establecen no informe de Secretaría.

Obrando no expediente o informe de Secretaría que literalmente transcrito dí;



### **“INFORME DE SECRETARÍA**

Que se emite en cumplimiento de lo establecido en el artículo 3, apartado b) del Real Decreto 1174/1987, de 18 de septiembre, en relación con el artículo 47.2 apartado ñ) de la Ley 7/1985, de 2 de abril.

#### **HECHOS**

En el orden del día de la sesión ordinaria del Pleno de esta Corporación correspondiente al mes en curso, figura como punto segundo, una propuesta de Alcaldía de cesión a la entidad Aspanane de la Nave aneja de Lavandeiras-que actualmente alberga los vehículos de protección civil- por un período de treinta años, cesión que se materializaría cuando se ponga en marcha el Parque comarcal de bomberos de la Mariña.

Junto con la propuesta se incluye una solicitud formulada por Pilar Jiménez Díaz, en calidad de Presidenta de ASPANANE, VIVEIRO, Asociación de pais de nenos e adolescentes con necesidades especiais, en el que da cuenta de la aprobación por la Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia de los proyectos presentados por Aspanane e de las dificultades originadas por la falta de espacio físico para desarrollar las actividades del nuevo Centro Ocupacional e del nuevo Centro de día y solicita de la Alcaldía considere que el Concello ceda el uso de la citada Nave de Lavandeiras para ampliación de las dependencias destinadas a Taller Ocupacional.

#### **FUNDAMENTOS JURÍDICOS**

-Texto Refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril,

Artículo 79.2. Los bienes inmuebles patrimoniales no podrán cederse gratuitamente salvo a Entidades o Instituciones públicas y para fines que redunden en beneficio de los habitantes del término municipal, así como a las instituciones privadas de interés público sin ánimo de lucro.

-Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las bases del régimen local,

Artículo 47.2. Se requiere el voto favorable de la mayoría absoluta del número legal de miembros de las Corporaciones para la adopción de acuerdos en las siguientes materias:

...

ñ) Cesión gratuita de bienes a otras Administraciones o instituciones públicas.

-Reglamento de Bienes de las Entidades locales, aprobado por R.D. 1372/1986, de 13 de junio,

Artículo 109.2. Los bienes inmuebles patrimoniales no podrán cederse gratuitamente sino a Entidades o Instituciones públicas para fines que redunden en beneficio de los habitantes del término municipal, así como a las Instituciones privadas de interés público sin ánimo de lucro. De estas cesiones se dará cuenta a la autoridad competente de la Comunidad Autónoma.



Artículo 110. En todo caso, la cesión gratuita requerirá acuerdo adoptado con el voto favorable de la mayoría absoluta del número legal de miembros de la Corporación, previa instrucción del expediente con arreglo a estos requisitos:

- a) Justificación documental por la institución solicitante de su carácter público y memoria demostrativa de que los fines que persiguen han de redundar de manera evidente y positiva en beneficio de los habitantes del término municipal.
- b) Certificación del Registro de la Propiedad de que los bienes se hallan debidamente inscritos en concepto de patrimoniales.
- c) Certificación del Secretario en la que conste que los bienes figuran en el inventario aprobado con la antedicha calificación jurídica.
- d) Informe del Interventor en el que pruebe no haber deuda pendiente de liquidación con cargo al presupuesto municipal.
- e) Dictamen suscrito por técnico que asevere que los bienes no se hallan comprendidos en ningún plan de ordenación, reforma o adaptación, no son necesarios para la Entidad Local ni es previsible que lo sean en los diez años inmediatos
- f) Información pública por plazo no inferior a quince días.

### **CONCLUSIÓN**

La que suscribe hace constar que no ha tenido conocimiento hasta este día diecinueve de junio de la presente propuesta de la Alcaldía; por lo que como quiera que resulta imposible acreditar la tramitación contemplada en la normativa reseñada, será preciso que:

- 1.- Previamente a la aprobación por el Pleno de la cesión a ASPANANE de la Nave de Lavandeiras, se lleven a cabo por esta Administración los trámites señalados;
- 2.- Que la Entidad beneficiaria de la Cesión deberá acreditar los requisitos correspondientes al apartado a) de los citados.”

O Pleno da Corporación, por unanimidad dos membros presentes, o que supón a maioría absoluta do número legal de membros, acorda que, previos os trámites establecidos que constan no informe de Secretaría, levar a cabo a efecto a proposta da Alcaldía que, literalmente, dí:

#### **“Proposta da Alcaldía para cesión a ASPANANE da nave que actualmente Protección Civil en Lavandeiras**

A raíz da aprobación por parte da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia dos proxectos presentados por ASPANANE para a Creación dun Novo Centro Ocupacional de Discapacitados Psíquicos con capacidade para 50 usuarios nas actuais instalacións da Nave de Lavandeiras cedida xa, polo Concello de Viveiro, a tal fin, e dun Novo Centro de Día para 20 usuarios no edificio compartido coa Escola Oficial de Idiomas no que ate o de agora se ubicaba o Centro Ocupacional, e tendo que



o futuro desenrolo de actividades nas devanditas dependencias se faga dentro dunhas cotas de benestar e confort o máis elevadas posibles.

Convén sinalar que os dous proxectos aprobados axústanse ós requisitos mínimos esixidos pola actual normativa, aínda que por falla do espazo necesario, diversas dependencias destiñadas a ocio, a usos múltiples, e a comedor, non teñen capacidade suficiente para albergar simultaneamente aos usuarios pertencentes ós dous colectivos que van a ser atendidos no futuro por ASPANANE, polo que han de ser compartidas polo dous Centros en horarios separados, obrigando esta limitación de espazo a un riguroso establecemento e independencias na organización das actividades de ámbolos Centros, e facendo asimesmo necesario a presenza dunha máis ampla plantilla de persoal, co conseguinte custe económico derivado.

Polo exposto solicito o Pleno adopte o seguinte acordo:

En canto se poña en marcha o parque comarcal de bombeiros se ceda o uso por un período de trinta anos Nave Anexa de Lavandeiras (que actualmente alberga os vehículos de Agrupación de Protección Civil do Concello) a ASPANANE para a ampliación das dependencias destinadas a Taller Ocupacional”.

Dáse traslado do presente acordo de conformidade co disposto no artigo 110 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño: ao Sr. Interventor, á entidade ASPANANE que, como futura cesionaria, deberá aportar xustificación documental do seu carácter público e memoria xustificativa de que os fins que perseguen redundan en beneficio dos habitantes do Concello.

Igualmente, dar traslado do presente acordo ao Arquitecto municipal para que emita o dictame que asevere que o citada nave non se atopa comprendida en ningún plan de ordenación, reforma ou adaptación.

### **3º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO CONVENIO PARA O ANO 2008 DO SERVICIO DE TRANSPORTE ADAPTADO.**

Polo Sr. Alcalde se indica que hai unha proposta de convenio e informe do Interventor.

Seguidamente, polo Sr. Interventor sinálase que nos últimos anos se viña realizando unha transferencia de crédito para aboar ese servizo e que por esa razón, propuso, se incluíra unha cláusula que indicara que cando se aprobaran os orzamentos do Concello, neste intre interrompe a exposición o Sr. Alcalde, dicindo que se consigne o crédito orzamentario para poder pagar o servizo de transporte.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese a do Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, que indica que o informe de Intervención é totalmente negativo. O seu grupo está a favor da proposta, polo que entende que si existe algunha posibilidade legal de levar adiante esta proposta, se sinale polo servizo de Intervención, xa que atópanse de acordo cos fins que tal proposta promove.





Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (quince), acorda aprobar a proposta da Alcaldía para o seu aboamento cando exista consignación orzamentaria que, textualmente, dí:

**“PROPOSTA DE CONVENIO PARA O ANO 2008 DO SERVICIO DE  
TRANSPORTE ADAPTADO NO CONCELLO DE VIVEIRO.”**

Viveiro, a 30 de decembro de 2007

**REUNIDOS**

Dunha parte:

**D. Melchor Roel Rivas**, con DNI: 32.626.871-Z, que actúa en nome e representación do Concello de Viveiro, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente.

Doutra parte, **D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Jiménez Díaz**, con DNI: 33.854.697-P, que actúa en nome e representación da asociación ASPANANE, en virtude da súa condición de Presidenta.

**EXPONEN**

**PRIMEIRO.-** Que ASPANANE veu prestando demodo satisfactorio o servizo de **Transporte Adaptado no Concello de Viveiro** durante os anos **2005, 2006 e 2007**.

**SEGUNDO.-** Que o **Concello de Viveiro e ASPANANE** consideran de interese común o mantemento do devandito servizo desde o 1 de xaneiro de 2008 ata o 31 de decembro de 2008.

En consecuencia,

**ACORDAN**

**PRIMEIRO.-** ASPANANE comprométese a atender o servizo durante o ano 2008 coa mesma cobertura que viña mantendo no ano 2007: en xornadas laborais, de luns a venres, desde as 8 h. ata as 20 h., e segundo determine o Concello de Viveiro a través do seu departamento de Servizos Sociais.

**SEGUNDO.-** ASPANANE prestará o servizo cunha furgoneta adaptada a tal fin, e o transporte será atendido por un conductor-cuidador.

**TERCEIRO.-** A aportación económica do Concello de Viveiro, xuntamente coa subvención coa que anualmente ven contribuíndo a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia para o mantemento do servizo, estipúlase nunha cantía anual mínima de 49.968 € correspondente a doce mensualidades de 4.164 € cada unha.



**CUARTO.-** Constitúese unha comisión mixta de seguimento do convenio á que seran sometidas tódalas cuestións derivadas do seu desenvolvemento, e con carácter previo, aquelas que impliquen disconformidade por algunha das partes asinantes.

Esta comisión estará composta por:

- O Alcalde, ou persoa en quen delegue.
- A Presidenta de ASPANANE ou persoa en quen delegue.
- O técnico do programa de inserción social.

En proba de conformidade, asínase o presente convenio no lugar e data devanditos.”

**4º.- DACIÓN DE CONTA DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A TRAVÉS DO PLAN CONCERTADO.**

Polo Sr. Alcalde indícase que é o mesmo trámite que se da todos os anos para a tramitación desa subvención.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (quince), acorda quedar informado da solicitude de subvención a través do Plan Concertado, segundo a Orde do 18 de marzo do 2008, pola que se regulan axudas destinadas á prestación de servizos sociais polas Corporacións locais e cuxo resumo, se transcribe, a seguir; dando traslado deste acordo ao departamento de Servizos Sociais para a súa tramitación.

"SERVIZOS SOCIAIS

	<b>SUBVENCIÓN SOLICITADA</b>	<b>APORTACIÓN CONCELLO</b>	<b>TOTAIS</b>
<b>1º PERSOAL</b>	<b>75.826,91</b>	<b>82.406,05</b>	<b>158.232,96</b>
1.1 TECNICO GRADO SUPERIOR	18.403,40	15.677,45	34.080,85
1.2 TRABALLADORA SOCIAL (2)	30.593,14	30.651,36	39.947,93
1.3 TECNICO DE GRADO MEDIO	14.574,26	24.471,39	39.045,55
1.4 AUXILIAR ADMON.	12.256,11	11.605,85	23.861,87
<b>2º MANTEMENTO DO SERVIZO</b>	<b>2500</b>	<b>600</b>	<b>3.100,00</b>
<b>3º AXUDA NO FOGAR</b>	<b>243.440,00</b>	<b>135.257,00</b>	<b>378.697,00</b>
<b>3.1 AXUDA NO FOGAR PRESTACIÓN BASICA</b>	<b>175.000,00</b>	<b>100.000,00</b>	<b>275.000,00</b>
<b>3.2 AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENENTES</b>	<b>68.440,00</b>	<b>35.257,00</b>	



			<b>103.697,00</b>
<b>4º XESTION DE PROGRAMAS</b>	<b>56000</b>	<b>13.600,00</b>	<b>69.600</b>
4.1 EMERXENCIA SOCIAL	12.000,00	7.000,00	19.000,00
4.2 PROGRAMA ANTA	42.000,00	6.000,00	48.000,00
4.4 PREVENCIÓN DROGODEPENDENCIAS	2.000,00	600,00	2,600,00
<b>5º INVESTIMENTO</b>	<b>14.000,00</b>	<b>6.000,00</b>	<b>20.000,00</b>
5.1 ELIMINACIÓN DE BARREIRAS	14.000,00	6.000,00	20.000,00
<b><u>TOTAL XERAL</u></b>	<b>391766,91</b>	<b>237863,05</b>	<b>629629,96</b>

Facendo constar :

- Que o Servicio Social de Atención Primaria séguese a prestar nas mesmas condicións que o ano anterior.
- :O Concello comprométese a consignar no seu orzamento as cantidades sinaladas.”

**5º.- PROPOSTA REFERENTE AO CONVENIO CON “A PIUNCA, S. L.”**

Polo Sr. Alcalde iniciase a exposición do asunto sinalando que a proposta do Convenio é un tema sinxelo e á par complexo, xa que, como consecuencia da licenza adquirida por silencio administrativo, se a obra resultante de dita licenza se executa conforme á normativa urbanística anteriormente vixente, formaríase un tapón nun dos viais, e o obxectivo deste Convenio consiste en evitar a edificación formando ese estreitamento, a cambio deste o promotor pretende unificar ambas licenzas axustando o proxecto á vixente ordenanza urbanística provisional, aprobada por Decreto 102/2006, de 22 de xuño, e concretamente no disposto no punto 1.5 do Anexo de dita OUP, referido á Ordenanza de Solo Urbano de media densidade. Finalmente indica que o Convenio non entraría en vigor en tanto non tivera o dictame favorable da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

Aberta a quenda de intervencións prodúcense as seguintes:

- A do Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias que sinala que leron os informes emitidos polo arquitecto contratado polo Concello, Sr. Cortón Muínelo, pero que o seu Grupo, no seu momento, xa acordou que sobre este asunto decidira a Xunta de Galicia, polo que dí van a votar en contra.



- Polo concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta sinálase que vai a votar a favor do Convenio, condicionado á resposta da Xunta de Galicia.
- O concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, amósase a favor da proposta da Alcaldía, indicando que este asunto é moi vello, e xa se tratou noutras sesións plenarias e de Comisión Informativa de Urbanismo.

Finalmente o Sr. Alcalde, por alusións do voceiro do PP, precisa que o arquitecto que informa este Convenio é o mesmo do que se dictaminou favorablemente á contratación para o informe dos expedientes de obras que se atopaban pendentes de tramitación.

Obra no expediente informe técnico emitido polo arquitecto contratado, Sr. Cortón Muínelo, con data 3 de abril de 2008, e non consta a emisión de informe xurídico, posterior a esa data, polo Servizo de Urbanismo do Concello.

Procédese a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación por maioría de dez votos a favor (PS de G-PSOE, BNG e IU-EU), e cinco votos en contra (PP), o que supón maioría absoluta do número de membros, acorda:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o Convenio urbanístico con “A Piunca, S.L.”, segundo o texto que figura no expediente, que di:

*“REUNIDOS*

*D. Melchor Roel Rivas, D.N.I. 32.626.871-Z, Alcalde-Presidente del Excmo. Ayuntamiento de Viveiro, de una parte y de otra*

*Don José Prado Gay; D.N.I. 14.698.490, domiciliado en C/Ciudad de Vigo, nº 5-bajo; Lugo.*

*INTERVIENEN*

*El primero en nombre y representación del Excmo. Ayuntamiento de Viveiro, en su condición de Alcalde-Presidente del mismo,*

*El segundo, en nombre y representación de “Construcciones y Saneamientos A Piunca, S.L.”, CIF: B-27210558; y domicilio en C/Ciudad de Viveiro, 5-bajo, Lugo; según tiene acreditado a medio de escritura notarial.*

*Tiene capacidad plena para llevar a cabo el siguiente Convenio Urbanístico, para lo cual exponen los siguientes*

*ANTECEDENTES*

Primero.- La entidad “Construcciones y Saneamientos A Piunca, S.L.”, es actualmente propietaria de una parcela sita en Viveiro, con referencias catastrales: 2064232PJ1326S0001SX y 2064201PJ1326S0001ZX, con condición se solar y respecto del cual se acordó en Junta de Gobierno Local en sesión de 13 de noviembre de 2007, entender adquirida por silencio administrativo Licencia de obra correspondiente al expediente de su clase 436/2005, inicialmente solicitada por “Construcciones Vila Miño; S.A.” habiendo solicitado la subrogación en dicha licencia por “Construcciones y Saneamiento A Piunca, S.L.”



La entidad "Construcciones y Saneamientos A Piunca, S.L.", es asimismo propietaria de una parcela sita en Viveiro de referencia catastral: 2064202PJ1326S0001UX, respecto del cual se acordó en Junta de Gobierno Local en sesión de 26 de septiembre de 2006, entender adquirida por silencio administrativo Licencia de obra correspondiente al expediente de su clase 352/2005, inicialmente solicitada por "Construcciones Coto Ribadeo, S.L.", habiéndose solicitado la subrogación en dicha licencia por "Construcciones y Saneamientos A Piunca, S.L."

Segundo.- La edificación autorizada expuesta en el antecedente Primero de este escrito supondría la existencia de un "tapón urbanístico" en el vial público, al resultar reducido el ancho del mismo en la conexión con la Avda. Suasbarras, de un ancho de ocho metros a un estrechamiento de tres metros.

Tercero.- "Construcciones y Saneamientos A Piunca, S.L.", presentará los proyectos de ejecución de desarrollo de los proyectos básicos sobre los que fueron concedidas las Licencias antes referidas, con inicio de las obras dentro del plazo establecido, para así consolidar el derecho de construcción concedido por las mismas.

"Construcciones y Saneamientos A Piunca, S.L.", presentará asimismo proyecto reformado el cual se modificará, respecto de los proyectos de ejecución antedichos, de modo que unifique ambas licencias, suprimiendo del proyecto de edificación la parte que constituiría el tapón urbanístico aludido. Este proyecto reformado se ajustará a la vigente Ordenanza Urbanística Provisional (OUP), aprobada por Decreto 102/2006 de 22 de junio, de la Consellería de Política Territorial, Obras Públicas y Transportes, y concretamente le será de aplicación lo dispuesto en el punto 1.5 del Anexo de dicha OUP, que se refiere a "Ordenanza de suelo urbano de media densidad", en cuyo ámbito de aplicación puede ser considerado el proyecto reformado, al cumplir el terreno los requisitos del punto 1.1 del Anexo para su consideración como suelo urbano consolidado y formar la parcela de que se trata en el proyecto toda una manzana.

Con los antecedentes expuestos, por el Concello de Viveiro se propone a "Construcciones y Saneamientos A Piunca, S.L. un convenio de desarrollo urbanístico, conforme las siguientes

## ESTIPULACIONES

Primera.- Como cuestión previa, quiere hacerse referencia a que la legislación urbanística vigente reconoce la importancia de la incorporación de formas de actuación de la iniciativa privada y trata de abrir nuevos cauces a la actividad y capacidad de los agentes privados de la edificación para el proceso del desarrollo urbano.

Como resultado de aplicar este principio de participación activa de la administración en los procesos de planeamiento y urbanización, el Ayuntamiento de Viveiro con el Convenio que ahora se suscribe, asume el deber que tienen los poderes públicos para conseguir la utilización del suelo de acuerdo con el interés general y un desarrollo urbanístico ordenado.

El interés general queda puesto de manifiesto en este Convenio con las cesiones que se hacen al Ayuntamiento, tanto en la cesión de terreno que elimina un tapón urbanístico de imposible solución de otra forma, como con la cesión de local ya construido para destino que el Ayuntamiento considere conveniente.



El Convenio es coherente con los instrumentos de ordenación territorial y urbanística, concertando a cambio el Ayuntamiento de Viveiro con la otra parte firmante, una ejecución de los proyectos sucesivos a las Licencias de obra ya concedidas que no contravienen en absoluto la legalidad vigente y resultan beneficiosas para el interés general. Con este Convenio no resulta afectación alguna a derechos o intereses de terceros.

Segunda.- Por "Construcciones y Saneamientos A Piunca, S.L." se hace cesión al Ayuntamiento de Viveiro de la parcela referida en el antecedente primero de este escrito, una superficie de 53,25 m<sup>2</sup>, superficie que resulta suprimida al prolongar la alineación del vial hasta su intersección con la Avda. Suasbarras.

En esta superficie objeto de cesión, en el destino que le diera el Ayuntamiento, no se llevará a cabo edificación alguna y deberá en todo caso respetar un derecho de luces, vistas y vuelos, respecto de la parcela de la que ahora se segrega. Sin perjuicio de que en el futuro se pretenderá por el Ayuntamiento la conversión en vial público de la parcela objeto de cesión.

Tercera.- Teniendo en cuenta que la parcela objeto de cesión anterior carece de aprovechamiento por no ser edificable, por "Construcciones y Saneamientos A Piunca, S.L.", se hace también cesión al Ayuntamiento de Viveiro de un local de planta baja, de unos 80 m<sup>2</sup>, sito en la calle Osorio Páramo, 1-3, en Viveiro.

Cuarta.- Una vez presentado por "Construcciones y Saneamientos A Piunca, S.L.", el proyecto reformado referido en el antecedente tercero de este escrito, el Ayuntamiento de Viveiro apreciará que este proyecto reformado se ajusta a la vigente Ordenanza Urbanística Provisional (OUP), teniendo en cuenta lo dispuesto en el punto 1.5 del Anexo de dicha OUP "*Ordenanza de suelo urbano de media densidad*", de modo que al formar la parcela de que se trata toda una manzana, sin colindantes y sin hallarse entre edificaciones construidas, será de aplicación para la concesión de Licencia lo dispuesto respecto de altura máxima en el apartado 1.5.2.f) de la misma OUP, en cuanto al no apreciarse las limitaciones que en el mismo se establecen por no existir terrenos colindantes, habrá de considerarse las edificaciones ya autorizadas por Licencias como edificaciones construidas.

Quinta.- Acorde la naturaleza convencional administrativa de este Convenio, resultando de aplicación la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas, ambas partes se someten para cualquier dirimencia sobre este Convenio al Juzgado de los Contencioso-Administrativo de Lugo."

**SEGUNDO.-** Suxeitar a entrada en vigor deste Convenio á condición suspensiva da emisión de dictame favorable pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, que será previo á tramitación contemplada nos artigos 234 e seguintes, da Lei 9/2002, de 30 de decembro.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ao Departamento de Urbanismo, para a remisión do presente acordo e do expediente á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para o seu informe.



**6º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POLO PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIVEIRO.**

**6.1.- PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DE DITO SERVIZO.**

Polo Sr. Alcalde iníciase a súa exposición pedindo que o Sr. Interventor explique o informe que emitíu e a recomendación que contén o mesmo de que se contrate a redacción das bases do Plan Xeral cunha empresa externa.

O Sr. Interventor responde que a persoa que leva máis directamente a contratación lle indicou que os pregos eran un borrador aínda sen rematar e que non podían mellorar os mesmos.

Polo Sr. Alcalde indica que se leva un retraso nesta tramitación, xa que a subvención concedeuse pola Xunta a primeiros de abril, polo que propón retirar o asunto da Orde do Día e que se revise o prego polo servizo de contratación da Deputación. Neste intre por Secretaría, se solicita intervir para precisar unha data referida á subvención que dí, foi notificada pola Consellería de Política Territorial, por Correo, á primeira Tenente de Alcalde segundo o rexistro de entrada do día 10 de abril, dándose conta do asunto a esta funcionaria, na sesión da Xunta de Goberno de data 16 de abril.

Seguidamente, intervén o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, que indica que houbo unha Comisión de Obras nada máis coñecerse a subvención e que non entende porque teñen que contratar a redacción das bases fóra do Concello cando hai tantos funcionarios que teñen que facelo.

A continuación, o Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, dí que no documento do prego de contratación que se lles pasou que figura o termo “borrador”, aínda que por outra banda o Sr. Interventor indica a posibilidade de contratar a redacción a unha empresa que todo isto lle parece unha falta de respecto.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (quince) acorda, de conformidade co disposto no artigo 92.1 de ROF, deixar o asunto sobre a Mesa para que o Servizo de Contratación da Deputación de Lugo revise o borrador do prego elaborado por servizos municipais ao obxecto de incluílo noutra sesión do Pleno.

**7º.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA SOBRE SUSPENSIÓN DOS EFECTOS DA RPT E RATIFICACIÓN DA MESMA, SE PROCEDE.**



Polo Sr. Alcalde expónse que como consecuencia da notificación da interposición do recurso contencioso-administrativo ante o TSXG por dúas funcionarias do Concello contra a RPT, como xa coñecen o Voceiro do PP e os Concelleiros do BNG e IU-EU, porque se lles comunicou o día que ditou o Decreto, considerou conveniente suspender cautelarmente a dita RPT, que non significa anular a mesma, aínda que a el non soamente lle extrana que se admitira a trámite, senón que se presentara, indicando a seguir que existía unha obriga legal de elaborar unha relación de postos de traballo que non se cumprira por outras corporacións e co goberno bipartito chegaron a un acordo que supuxo unha regularización de salarios e a promoción de auxiliares a administrativos ao 100% das prazas mediante concurso. Que a propia RPT contempla a funcionarización que é unha esixencia dunha sentenza do Tribunal Supremo e posterior normativa. Que a proposta da Alcaldía que recolle o dito Decreto deixa en suspenso o contido da referida RPT salvo o correspondente ás prazas de funcionarios interinos. Que a Alcaldía non plantexa a anulación da RPT, senón a suspensión dos seus efectos, sinalando, a continuación, que suspende os efectos porque non pode tolerar que se xogue con vantaxes. Que non recorda outra ocasión na que se producieran semellantes incrementos retributivos, salvo nos pactos da Moncloa.

Do informe emitido por Secretaría, puntualiza o asunto dos funcionarios interinos que se van a manter e dí que vai buscar unha fórmula de negociación colectiva que garante que o que se fixo ben se manteña.

Intervén, a seguir, o Concelleiro de Economía e Facenda, D. Rafael Luis Fernández Amor, manifestándose conforme coa proposta de suspender a eficacia da RPT, e amosando a súa sorpresa co informe emitido por Secretaría.

O Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, pide que non se prexudique economicamente aos empregados municipais e que se restablezan as retribucións.

Na súa quenda o Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, inicia a súa exposición lembrando que a RPT xurdíu dun proceso moi longo de negociación e que lle parece un pouco precipitado suspender os efectos da mesma, máxime se se ten en conta que non hai documentación para basearse nesta suspensión, polo que considerarían máis doado que se levara a cabo unha nova negociación e se completara a documentación existente na RPT.

Polo Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, díse que se ausentou dun Pleno do Presuposto municipal por razón do Cadro de Persoal porque dí que el coñece os problemas polos que pasou un sector dos traballadores e por iso cando o Sr. Roel Rivas accedíu a Alcaldía pedíulle a redacción da RPT. Que cre que non se pode seguir aplicando esta nestas circunstancias e que non sabe que solución se pode dar ao asunto, polo que considera adecuada a proposta da Alcaldía.

Pola Secretaria do Concello, D<sup>a</sup>. Sara Martínez Álvarez, se solicita á Presidencia permiso para intervir, xa que foi aludida, tanto pola Alcaldía como polo segundo Tenente de Alcalde, ao mencionar o informe emitido. Polo Sr. Alcalde autorízase a intervención solicitada, indicando a citada funcionaria que o informe de Secretaría





emitíuse na tarde do mesmo día 29 de maio na que se ditou o Decreto. Que parte dos argumentos xurídicos que constan no informe, se expuxeron no citado día 29, na reunión da Alcaldía cos Concelleiros dos partidos da oposición, e que a dita suspensión dos efectos da RPT, si ben polo que se refire aos procedementos de promoción interna e demais que se están a tramitar, non ofrece problema, si resulta a criterio da que informa, xurídicamente insostible nos procedementos de selección e promoción interna, xa finalizados, dos que se fixeron nomeamentos pola Alcaldía e tomas de posesión dos funcionarios, polo que son actos administrativos que teñen o carácter de firmes e declarativos de dereitos; criterio que se expón no informe que obra no expediente desta sesión, no que igualmente se indica que na comunicación do TSXG na que se da conta ao Concello da interposición de recurso non se fai referencia ningunha a que os recorrentes solicitaran a suspensión da executividade do acto.

Finalmente, o Sr. Alcalde sinala que na comunicación do TSXG non consta nin que solicitaran a suspensión nin que non a solitaran, e que os recursos contenciosos-administrativos foron interpostos por tres funcionarias: dúas administrativas e o enxeñeiro de camiños que se trasladou á Xunta de Galicia. Continúa dicindo que considera que non é congruente aseverar, como se afirma no recurso, que se descoñece a adscripción de postos. Que cre que o que se pretende co mesmo e que no se produzan incrementos salariais xenerais no persoal laboral, polo que propón ao Pleno da Corporación a ratificación do decreto de suspensión cautelar dos efectos da RPT, a partir do 1 de xullo do 2008, xa que a nómina do mes de xuño está a piques de finalizar na súa confección.

E o Pleno da Corporación, por maioría de nove votos a favor (PS de G-PSOE e IU-EU) e seis abstencións (PP e BNG), acorda:

PRIMEIRO .- Ratificar o dito Decreto, entendendo como data de aplicación, aos efectos económicos, a de 1 de xullo de 2008; resolución que, textualmente, dí:

#### **“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

**D. MELCHOR ROEL RIVAS, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VIVEIRO**, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.1 –apartados a) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

**RESULTANDO.-** Que esta Alcaldía tivo coñecemento no día de hoxe da admisión a trámite polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso Administrativo Sección 001, do Recurso número 0000481/2007 Contencioso-Administrativo, interposto por María Remedios Fraga Martínez e María Carmen Vale González, contra a Relación de Postos de Traballo do Concello, aprobada polo Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria celebrada o 30 de outubro de 2006.

**RESULTANDO.-** Que a dita R.P.T. vense aplicando desde a data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, o que supuxo a realización de diferentes procedementos administrativos que afectan ao persoal funcionario e laboral deste



Concello, tales como: procedementos de promoción interna de persoal funcionario así como procedementos selectivos de persoal funcionario interino e outros.

**RESULTANDO.-** Que igualmente estanse aboando as retribucións de todo o persoal do Concello con arranxo á citada relación de postos de traballo.

**CONSIDERANDO.-** Que si se produce unha sentenza favorable ás pretensións das recorrentes e se continúa, en tanto non se dite esa sentenza, aplicando a referida R.P.T., que este Concello pode verse na obriga de esixir a devolución das cantidades aboadas ao persoal por encima das retribucións que se viñan percibindo sen R.P.T.; ou ben pode verse incurso esta Alcaldía noutras responsabilidades.

Por todo isto,

### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Suspende con efectos dende o día 2 de xuño de 2008 a aplicación da Relación de Postos de Traballo do Concello, tanto no referido aos dereitos económicos, recoñecidos por esta ao persoal, como aos procedementos de promoción interna, que estean en proceso de tramitación, e aqueles outros que xa se tiveran levado a cabo e sobre os cales se ditaran resolucións de nomeamentos e tomas de posesión.

**SEGUNDO:** Notificar o presente acordo ao Comité de Empresa, á delegada do persoal funcionario, aos departamentos de Intervención e Tesourería, fixando unha copia no taboleiro de edictos municipais, e sen prexuízo da publicación dun edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Mándoo e asínoo en Viveiro a vinte e nove de maio de dous mil oito.”

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos departamentos de Intervención e Persoal, así como á representante de Persoal Funcionario, Comité de Empresa e ao Rexistro para a colocación do dito acordo no Taboleiro de Anuncios.

#### **8º.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA.**

Polo Sr. Alcalde dáse conta dos Decretos asinados dende o último Pleno ordinario, os cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (quince), acorda darse por informado dos Decretos da Alcaldía.

#### **9º.- MOCIÓNS DO PP RELATIVAS A:**

**9.1.- ANTEPROXECTO DE LEI POLA QUE SE SUPRIMEN OS INSTRUMENTOS DE XESTIÓN E PROMOCIÓN PREVISTOS NA LEI 7/1996,**



**DE 10 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DO RÉXIME XURÍDICO DAS FUNDACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS COMARCAS.**

Polo Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, dáse lectura da moción e, seguidamente, se abre polo Sr. Alcalde a quenda de intervencións, indicando el mesmo, no lugar do seu Voceiro que sabida é a postura do PS de G-PSOE sobre as Fundacións Comarcais e anuncia se van abster na votación porque descoñecen como se vai levar a cabo as accións respecto desas Fundacións.

A continuación, o Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, dí que vai a votar en contra, xa que ese anteproxecto que cita a moción vén a racionalizar o existente quedando claro que as competencias se van a manter nas Fundacións creadas. En canto ao persoal, dí que o Conselleiro de Medio Rural falou de que pasaría a depender da Administración Autonómica ou doutras entes ou organismos desta.

A seguir, intervén o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, dicindo que vai votar en contra aínda que el pensaba que o anteproxecto ían a eliminarse eses niños e que senón non entende para que se vota esta moción.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por maioría de cinco votos a favor (PP), dous en contra (BNG e IU-EU) e oito abstencións (PS de G-PSOE), acorda prestar aprobación á moción que, textualmente, dí:

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Concellería do Medio Rural está tramitando un anteproxecto de Lei polo que se suprimen os instrumentos de xestión e promoción previstos na Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal e se modifica o réxime xurídico das fundacións para o desenvolvemento comarcal, na medida en que se suprimen os instrumentos de xestión e promoción previstos na devandita norma. A norma que se proxecta vai a supoñer a desaparición da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal e o cambio de réxime xurídico das Fundacións para o Desenvolvemento das Comarcas, fundacións que quedan condenadas a súa desaparición na medida en que quedan a administración autónoma pretende retirarse dos seus padroados e retirarlles o financiamento que ata agora destinaba a estes entes, ponendo en evidente risco a continuidade dos seus traballadores, empregados que accederon aos seus postos de traballo a través dun sistema de concorrencia respetuoso cos principios de mérito, capacidade e publicidade que rexen ao acceso a un empregado público.

Os instrumentos de xestión e promoción previstos na lei de desenvolvemento comarcal teñen amosado unha máis que salientable eficacia para o cumprimento dos seus fins de promoción e desenvolvemento das nosas comarcas, promovendo a participación das administracións locais e dos sectores máis dinámicos, ao tempo, que supuxeron un investimento nada desprezable nun importante capital humano, con coñecementos acreditados en relación co territorio e coas posibilidades de desenvolvemento e posta en valor dos recursos dispoñibles.



O Partido Popular considera que a experiencia adquirida e os investimentos realizados non poden ser desbotados en aras a un modelo de desenvolvemento comarcal que centraliza as competencias na administración autonómica, prescindindo da necesaria participación dos entes locais con presenza nos territorios e da experiencia acumulada por un personal que ten acreditada sobrada competencia para encarar os retos que supón a corrección dos desequilibrios territoriais desde un modelo de intervención no territorio que xere os impulsos necesarios para dinamizar o potencial endógeno das nosas comarcas.

Por todo o exposto, o **Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Viveiro**, propón ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1º.- Que o Concello de Viveiro se dirixa á Consellería de Medio Rural para amosarlle o rexeiamento ao anteproxecto de Lei pola que se suprimen os instrumentos de xestión e promoción previstos na Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal e se modifica o réxime xurídico das fundacións para o desenvolvemento das comarcas.

2º.- Que o Concello de Viveiro se dirixa á Consellería de Medio Rural para requerirille o mantemento duns instrumentos de desenvolvemento comarcal que teñen amosado a súa eficacia como elementos de dinamización do potencial das nosas comarcas.

3º.- Que o Concello de Viveiro se dirixa á Consellería de Medio Rural para requerirille o mantemento na esfera pública dun persoal que ten amosado os seus coñecementos e a súa capacidade para encarar os retos que implica un necesario desenvolvemento territorial equilibrado partindo dos recursos existentes no territorio”.

#### **9.2.- DEMORAS A REXISTRAR NO ACCESO A ESPECIALIDADES MÉDICAS NO HOSPITAL DA COSTA.**

O Voceiro do PP cede o uso da palabra á Concelleira, D<sup>a</sup> Vanesa Rego Martínez, que da lectura dos acordos que figuran na moción e fai un resumo do texto da mesma.

Polo S. Alcalde se resposta indicando que vai aclarar varias cuestións das expostas na moción:

- Que as cifras que se citan na moción no as comparte porque as cifran van en abano.
- Que en temas de medicina o PP debería andar con coidado pois os médicos no tempo de goberno do PP, tiñan que irsen a Portugal e ao Reino Unido, xa que no estado español soamente se facían contratos de fins de semana e substitucións.
- Que lles vai a pedir ao PP que se dirixan á Universidade para que incrementen o cupo de estudantes das distintas especialidades.



- Que o Colexio de Médicos denuncia que os hispano americanos execren cando non teñen o curso de adaptación, pero soamente para a medicina pública, pois para a privada no o esixen.

Por todo o exposto sinala que están de acordo coa moción para instar á Xunta de Galicia na mellora dos servizos de asistencia sanitaria e á Universidade para que incremente a cota de especialistas.

O Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, que dí que van a votar a favor da proposta da Alcalía, xa que consideran que o PP estivo gobernando e xa existían eses problemas.

O Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, que dí que eles defenden a sanidade pública e que el mesmamente é un usuario dela, máis cando gobernaba o PP e que é verdade que a sanidade galega ten problemas, pero que o PP fai catastrofismo do Hospital de Burela, como por exemplo cando dí que non hai aparcadoiros e que cómpre cesar ao Xerente.

En contestación a Concelleira do PP que deu lectura á moción, Sra. Rego Martínez, sinala que os datos que recolle a moción, nin os inventou nin os soñou e pode dicir que os consultou na páxina web correspondente. E que por outra banda, esta cansa de oír repetir as referencias á época de goberno do PP, que habería cousas que mellorar como hoxe tamén habería cousas que mellorar e que o que hai que facer é ter unión para que as cousas se fagan ben.

O Sr. Alcalde contesta que o dito pola Concelleira lle sona moi ben, pero que o futuro leva enriba o pasado e, a seguir, indica que temos o mellor sistema de protección sanitaria do mundo que sí que é preciso mellorar a asistencia, pero afortunadamente, non sucede como en USA onde para ter un fillo hai que facer un seguro e, propón que a moción presentada polo PP se incorpore o punto de que a Universidade incremente o número de prazas para especialistas.

En contestación, o Voceiro do PP, Sr. Leal Arias, dicindo que todo o que sexa positivo o apoia o PP.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (quince), acorda prestar aprobación á dita moción, que se transcribe a continuación, incorporando a indicación da Alcaldía de dirixirse á Universidade e que incremente o número de prazas para médicos e especialistas:

#### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

que se detalla de seguido:

Pese ás diferentes maniobras empregadas polo Servizo Galego de Saúde (SERGAS) para ocultar a magnitude real do problema, os datos oficiais demostran que

oito especialidades médicas do Hospital da Costa superan amplamente a lista de espera media en Galicia.

Máis en concreto ao servizo de consultas externas de cardioloxía, medicina interna e uroloxía, engádense as especialidades de oftalmoloxía, dermatoloxía, ciruxía xeral e dixestiva, endocrinoloxía e psiquiatría para fonromar o listado de especialidades con tempos medios de espera moi superiores ao resto dos centros hospitalarios dependentes do SERGAS.

Todos estes datos, que teñen carácter oficial, poden ser consultados na páxina web do SERGAS unha vez feitos públicos pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

Os rexistros máis preocupantes afectan a oito das súas especialidades:

- O tempo medio de espera para a consulta de **cardioloxía** no Hospital da Costa sitúase en 91 días, cifra que supera nun 93,62 % a espera media do resto dos centros hospitalarios galegos nos que tan só se rexistra unha media de 47 días.

- O tempo medio de espera para a consulta de **medina interna** no Hospital da Costa sitúase en 46 días, cifra que supera nun 76,92% a espera media do resto dos centros hospitalarios galegos nos que tan só se rexistra unha medida de 26 días.

- A especialidade de **uroloxía** rexistra un tempo medio de espera no centro marinan de 89 días, mentres que a media no resto de Galicia é sensiblemente inferior, nun 61,82%, ao non superar os 55 días.

- O tempo medio de espera para a consulta de **oftalmoloxía** no Hospital da Costa sitúase en 115 días, cifra que supera en máis dun 40% a espera media do resto dos centros hospitalarios galegos nos que a demora media sitúase en 82 días.

- No caso das consultas de **dermatoloxía** o tempo de espera media sitúase no centro sito en Burela en 70 días, mentres que no resto dos hostais galegos a media non supera os 53 días.

- Situación similar acontece coas consultas de **ciruxía xeral e dixestiva** que rexistran unha espera media de 51 días no hospital da Costa fronte aos 40 días de demora como rexistro autonómico.

- O tempo medio de espera para a consulta de **endocrinoloxía** no Hospital da Costa sitúase en 74 días, cifra que supera a espera media do resto dos centros hospitalarios galegos nos que se rexistra unha media de 60 días.

- Finalmente, o tempo medio de espera para a consulta de **psiquiatría** no Hospital da Costa sitúase en 40 días. No resto dos centros hospitalarios galegos nos que a demora medida stúase en 35 días.



Xunto a isto, e lonxe do que cabe esperar, catro anos despois de acceder ao Goberno galego, nin o PSOE nin o BNG foron quen de reducir a lista de espera no centro hospitalario mariñán, máis ao contrario, en consultas como cardioloxía, medicina interna, dermatoloxía, uroloxía, oftalmoloxía e endocrinoloxía, incrementáronse o número de días nos que os pacientes deben agardar antes de ter acceso á súa primeira cónsulta.

Con datos oficiais a 31 de marzo de 2007 existían na comarca 720 persoas esperando ser sometidas a unha intervención cirúrxica e outras 4.699 máis á espera recibir a súa primeira consulta.

Estes datos, ofrecen unha imaxe preocupante da realidade sanitaria na nosa bisbarra e determinan a necesidade de acometer un cambio de rumbo na xerencia do hospital situado en Burela, unha vez descontada a elevada cualificación e a profesionalidade do cadro de persoal do centro.

Sen lugar a dúbidas, as causas desta saturación hai que buscalas na xestión errática do equipo directivo da Consellería de Sanidade que, a pesar de gastar miles de cartos en publicidade oficial para amosar as bondades do Hospital da Costa, inviste moi poucos -e a todas luces insuficientes- en solucionar os problemas que se multiplican neste centro.

Non podemos esquecer tamén que, entre as principais eivas que afectan ao Hospital de Burela, están o atraso continuado que sofren as necesarias obras de ampliación das súas instalacións, a saturación do aparcamento, sumado á falta de investimentos do Goberno autonómico -recoñecida en pasadas datas pola propia Consellería en resposta ao Grupo Parlamentario Popular- ou as continuas trabas que se están a poñer en relación coa dotación dun servizo de resonancia magnética permanente, entre outras. A todas estas cuestións, agora debemos engadir as listas de espera que presentan datos especialmente disparatados nestas oito especialidades.

En definitiva, a sucesión de problemas que afecta a sanidade galega implica unha perda de confianza dos usuarios, ata o punto de que Galicia tense situado como a segunda Comunidade Autónoma con peor valoración do seu sistema público de saúde e, na Mariña lucense, os vecinos cada vez son máis conscientes de que estamos a sufrir un empeoramento gradual e xeneralizado no funcionamento dos servizos públicos dependentes da Xunta de Galicia que, en todo caso, seguirán denunciando desde o PP de G ata que o Goberno adopte as medidas oportunas para solventalos.

Por todas estas razóns, o Grupo Municipal que suscribe, considera de interese municipal prioritario que o Pleno da Corporación ACORDE:

**PRIMEIRO.-** Instar á Xunta de Galicia á artellar os mecanismos que sexan necesarios para dar solución ás demoras que se están a rexistrar nas consultas das especialidades médicas do Hospital da Costa, de tal xeito que se garanta que os datos



sobre as listas de espera que se rexistran no centro hospitalario mariñan poidan equiparse á espera media do resto dos hospitais públicos de Galicia.

SEGUNDO.- Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, á Consellería de Sanidade, á Xerencia do Hospital da Costa, e a todos os Grupos Políticos con representación Parlamentaria na Cámara galega.”

**10º.- SOLICITUDES DE EXENCIÓN DE PAGAMENTO DE TAXAS POR LICENCIA MUNICIPAL DE OBRAS:**

**10.1.- MELLORA DE ELEMENTOS EXISTENTES NO CEI “SAN ROQUE”.**

Dáse conta da solicitude da Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, remitindo exemplar do proxecto da obra “Mellora de elementos existentes no CEI San Roque de Viveiro (Lugo)”, prevista a súa realización por esa Delegación neste Concello, co obxecto de que, previos os trámites que se consideren oportunos, lle sexa concedida ao citado proxecto a LICENCIA MUNICIPAL DE EDIFICACIÓN, facéndose constar que se lle exima do pago das taxas por tratarse dunha obra de interese municipal que beneficia de modo directo aos escolares e habitantes deste Concello, tendo en conta as competencias que o artigo 25.2.n da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de réxime Local, lles asigna aos concellos en canto a” ... cooperar coa Administración educativa na creación, construción e sostemento dos Centros Docentes Públicos...”.

Unha vez realizados os trámites oportunos e celebrada a Mesa de Contratación por ese órgano de contratación seralle notificada á Empresa adxudicataria que realiza as obras.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (quince), acorda, de conformidade co informe do Interventor, conceder bonificación do ICIO polo 95% da cota dese Imposto á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

**10.2.- REFORMA DO IES “VILAR PONTE”.**

Dáse conta da solicitude da Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, remitindo exemplar do proxecto da obra “reforma do IES “Vilar Ponte” (edificio Pastor Díaz) de Viveiro (Lugo)”, prevista a súa realización por esa Delegación provincial neste Concello, co obxecto de que, previos os trámites que se consideren oportunos, lle sexa concedida ao citado proxecto Licencia Municipal de Edificación , facéndose constar que se lle exima do pagamento das taxas por tratarse dunha obra de interese municipal que beneficia de modo directo aos escolares e habitantes deste Concello, tendo en conta as competencias que o artigo 25.2 n da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local, lles asigna aos concellos en cuanto a”... cooperar coa Administración educativa na creación, construción e sostemento dos Centros Docentes Públicos...”.

Unha vez realizados os trámites oportunos e adxudicada a obra por ese órgano de contratación seralle notificada á Empresa adxudicataria que realizará as obras.





Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (quince), acorda, de conformidade co informe do Interventor, conceder bonificación do ICIO polo 95% da cota dese Imposto á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

## 11º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Neste intre, sendo as vintedúas horas e quince minutos, o Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, abandoa a sesión.

### 11.1.- PREGUNTAS E ROGOS FORMULADAS POLO GRUPO POPULAR.

Polo Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, fórmulanse, por escrito, os seguintes rogos e preguntas que, textualmente dín:

#### “PREGUNTAS:

1.- ¿Cando se vai dotar de mobiliario o salón da nova Casa do Concello para poder facer as sesións plenarias nel, e a así mesmo poñer as bandeiras regulamentarias no novo edificio, e porque non funciona o ascensor da nova casa do Concello?.

2.- No local alugado polo Concello na praza (antigua ferretería de Seco) ¿Cando se van començar as obras e vai estar operativa a nova sala de exposicións prometida polo goberno municipal?.

3.- Dende o grupo municipal do PP xa hai tempo formulábase unha pregunta sobor do arranxo da escalinata e balconada da igrexa de San Francisco, que leva máis de 3 anos sen arranxar, ¿Cómo está ao día de hoxe este tema? ¿Para cando ten pensado o Sr. Alcalde que se proceda ao seu arranxo?.

4.- Seguindo no mesmo emprazamento de San Francisco, e en particular nos claustros, dende a Alcaldía díxerase que se ía facer un proxecto para rematar as obras de rehabilitación e así mesmo a creación dun museo ¿En que punto se atopa o proxecto, si é que está feito? e ¿Para cando está previsto a realización das devanditas obras?.

5.- Os balaustres do pasamáns do paseo marítimo de fachada, algúns deles están sin arranxar ¿Cando se vai proceder á súa reparación?.

6.- O novo tramo da rede de sumidoiro no lugar de A Cabana, na parroquia de Vieiro ¿Para cando ten previsto o equipo de goberno facer as obras?.

7.- Na futura área etnográfica de Area ¿Cando se van reanudar os traballos na zona e como está o proxecto?.



8.- O arranxo da rúa Lavandeiras en Celeiro tiña un prazo de execución de 6 meses. Varias veciños fixeronnos chegar o seu descontento para abrir todo o tramo xunto e ter colapsada a dita rúa. Xa pasou dito prazo e as obras aínda están sen rematar ¿Para cando está previsto que se rematen as mesmas?.

9.- Parte do muro de pedra do antigo colexio Santa Rita de Galdo (frente ao novo colexio) está derruido, ¿Cando se vai rematar a reconstrucción do mesmo e así mesmo adecentar o entorno o redor do edificio, cortar a herba, etc?.

10.- A empresa Egano, que estaba facendo as obras contratadas no edificio do Conservatorio profesional de música, a esta data e despois de presengar a suspensión de pagos. ¿En que fase deixou os seus traballos? ¿Cando se lle pagará ata a data da parada das obras? Estase a buscar outra empresa para rematar ditas obras?.

11.- O cruceiro de Santa María ¿en que punto se atopa a reposición do mesmo? e ¿Cal foi a resposta por parte do Concello ao escrito de data 21-01-2008 solicitado pola Delegación de Cultura da Xunta sobor do mesmo?.

12.- Na Avda. Benito Galcerán, ¿Poderíase estudar o poñer un paso de ceбра fronta da entrada ao Colexio San Roque ata a Rsda. Betania?.

13.- Segundo nos consta hai un acordo enre Feve e o Concello de Viveiro para a utilización da vivenda do apeadero do ferrocarril en Covas para o uso de asociacións veciñais da parroquia, ¿Vaise traer ao Pleno dito acordo? ¿Qué idea e proxecto ten o Sr. Alcalde para adaptar dita vivenda para as asociacións? e ¿Hai presuposto para ditas obras?.

14.- Na rúa Lodeiro, dende o núm. 14 ata o núm. 26, na marxen esquerda (frente o Centro de Saude) non hai beirarrúas nin alumeado público, o cal é unha inseguridade para os peóns desa zona. ¿Pensa o goberno local dotar de aceras e alumeado esa zona?, en caso afirmativo ¿Para cando?.

15.- O Grupo de vivendas Jesús Rodríguez (Pénjamo) cremos que necesita un novo alumeado público, ¿Teñen pensado dende a Alcaldía acometer estas obras, e para cando?.

16.- Cando comencen as obras de demolición das naves no muelle de Viveiro para arranxo desa área, vaise privar dunha zona moi importante de aparcamento aos automobilistas ¿Ten en mente o goberno local outra zona alternativa de aparcamento?.

17.- Poderíase estudar poñer uns garda bicicletas e motos, anclados no chan (como os que hai na praza de Lugo) na zona das praias de Covas e de Area.



18.- ¿Cando se vai facer a prometida rampa de acceso para persoas discapacitadas para poder achegarse ao departamento de Servizos Sociais do Concello ubicados no claustro de San Francisco?.

19.- Na rúa Atalaya en Celeiro, hai tempo derrubouse un muro, e foi substituído por un de formigón. Nese tramo, desuelle máis anchura ao camiño existente, ¿Cando se vai proceder ao remate do mesmo? e Está facendo o goberno municipal algunha xesión que posibilitara o anchar ese camiño de baixada ata o Celeiriño?.

20.- Vai pasando o tempo e os veciños do Celeiriño seguen sen solucións ¿En que punto se atopa o problema que están a padecer os veciños desa zona?, e ¿Cando se vai tomar unha decisión para tratar de arranxar a situación?.

21.- Co gallo do 25 aniversario do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro, por parte dos organizadores invitouse á Corporación Municipal ao acto ¿por qué non foi transmitida esa invitación ao grupo municipal do Partido Popular de Viveiro?.

22.- Os colectores de lixo diante do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro, ademáis de non facer un bo efecto do emblemático edificio están perigosos en canto a conductores se refire, dado que pode saír de detrais dos mesmos algún alumno/a que veña do Conservatorio e literalmente non se ven. Solicitamos por parte da Alcaldía se estude a ubicación noutro lugar que polo menos non saque a visibilidade aos conductores, e garanta a seguridade aos viandantes.

#### ROGOS:

1.- Enriba do depósito da auga de Térceras, en Celeiro, que pertence ao Grupo de Portos, hai maleza e árbores dende hai tempo. Isto xera unha sensación de abandono total. ROGAMOS que dende o Concello se lle solicite a Portos a pertinente autorización para poder limpar a zona e adecentar o entorno no que se atopa a fonte á que acuden todos os días moitas persoas.

2.- Noutra sesión plenaria o PP fixera este rogo: Na praia de Covas, na zona de Granxas, fíxose hai tempo a escaleira de acceso á praia, no paseo marítimo que no seu día se derrubara por un temporal, cando se fixeron as obras quedaron escombros ao carón de dita escaleira. ROGAMOS ao goberno municipal se tomen as medidas oportunas para retirar dito escombros. A esta data seguen aínda alí os escombros.

3.- O Camiño que vai dende a Rúa Grande, en Celeiro, fronte ao núm. 102 (atallo) ata a Rúa Candieira, a través dos antigos terreos, está cheo de maleza e é impracticable o seu paso polo mesmo. ROGAMOS ao equipo de goberno ordee a limpeza do mesmo.

4.- A vaia que pecha o recinto do Colegio San Roque, na rúa Rego das Frores, está bastante deteriorada. ROGAMOS ao Sr. Alcalde envíe aos técnicos municipais para ver o alcance do seu deterioro e se rocede o seu arranxo.



5.- ROGAMOS ao Sr. Alcalde envíe escrito a Deputación Provincial de Lugo solicitando o rozado inmediato das beirarrúas e limpeza de cunetas, así como o pintado da estrada principal á parroquia de San Cibrao de Vieiro, que vai dende A Misericordia ata A Cabana.

6.- ROGAMOS ao equipo de Goberno ordear a limpeza e adecentamento do céspede na zona de Lodeiro.”

O Sr. Alcalde da resposta, por escrito, ás preguntas e rogos formulados polo Voceiro do PP, que, transcritos, literalmente, dín:

### **“Pregunta 1**

**a.-** Dende o ano 2006 o Concello de Viveiro solicitou varias axudas á Xunta de Galicia para a dotación de mobiliario na nova Casa Consistorial.

Ditas axudas foron concedidas e cas mesmas estase equipando toda a instalación, priorizando os postos de traballo e deixando para o final ao salón de plenos xa que o estar en funcionamento o da antiga Casa Consistorial non era de todo prioritario.

O orzamento estimado para o equipamento total de todo o edificio entre mobiliario, ordenadores, sinalización, etc., está estimado en **245.452,81 €**, dos cales o concello xa afrontou en base a ditas subvencións a cantidade de 201.075,69 €

Nesta anualidade estase a tramitar a adquisición do mobiliario para o salón de Plenos, do cal se xunta un orzamento por un importe de 44.377,12 € Co cal se está a tramitar a subvención.

Deste xeito rematarase a dotación de mobiliario para a nova Casa Consistorial.

**b.-** As bandeiras pódense colocar en calquera momento, non hai ningún problema.

**c.-** O ascensor funciona, o caso é que a empresa está remantando os trámites e papeleos pertinentes que garanten a seguridade da instalación.

Segundo últimas conversas a medidados do mes de xullo estará en funcionamento.

### **Pregunta 2**

O Concello de Viveiro a día de hoxe pode facer uso dun local e dous inmobles na Praza Maior, é dicir, pasou de 1 a 3.

O obxectivo e adecuar cada un deles para o uso público, feito que se está a cumprir.

- O Concello novo está rematado
- Para o Concello vello acábese de mandar un anteproxecto o cal foi aprobado e será financiado polo POS 2008, co título “Adecuación da antiga Casa Consistorial para biblioteca e arquivo histórico” cun orzamento de 120.000,00 €



Para o local en cuestión, a igual que no caso do concello vello, estase xestionando o sistema de financiación

### **Pregunta 3**

En outubro do ano 2006 enviábase a Patrimonio solicitude de autorización para efectuar as “Obras de consolidación nas escaleiras de acceso á igrexa de San Francisco”.

En decembro de 2005 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural resposta a dita solicitude dicindo que é preciso, entre outras, facer un proxecto arqueolóxico.

En febreiro de 2006 enviouse o proxecto técnico e proxecto de “Sondaxe arqueolóxica e control de obra de consolidación das escaleiras de acceso a igrexa de San Francisco de Viveiro”, redactado polo arqueólogo Emilio Ramil.

O 21 de marzo de 2006 pasa por Xunta de Goberno a resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de autorización para a realización das sondaxes arqueolóxicas.

Unha vez autorizadas por Patrimonio ditas sondaxes foron realizadas polo arqueólogo Emilio Ramil.

Ditas sondaxes foron rematadas parcialmente en xaneiro de 2007, segundo informe valorativo parcial emitido por dito arqueólogo en esa data.

En marzo de 2007 e en virtude dos restos aparecidos nas primeiras sondaxes, enviábase a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de autorización para a realización doutras sondaxes na capela esquerda da fachada da igrexa de San Francisco.

En maio de 2007 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural concede dita autorización.

En xuño de 2007 remátanse estas novas sondaxes, enviándose a Patrimonio o estudo valorativo das mesmas.

As obras de iniciación para o arranxo das escaleiras estaba valorado en 17.171,42 € e a realización das sondaxes costou 10.349, agotándose o orzamento, quedando pendente para a anualidade 2006.

Por certo, nas sondaxes atopouse unha zona de enterramentos da época medieval que violentados e profanados por obras realizadas cando gobernaba o Partido Popular sin respecto algún ao feito de ser espazo protexido.

A nova financiación para reanudar as obras corre a cargo da fase 7ª do Plan de Rehabilitación do casco histórico, ca actualización de prezos correspondente.

### **Pregunta 4**

Dende o ano 2003 executáronse as seguintes obras no antigo convento de San Francisco:

- Adecentamento do entorno do adro de San Francisco co cal se adquiriu e abreu ao público a antiga horta de dito convenio, destinándose a parque público e axudando a embelecer dito edificio declarado BIC.
- Obras de acondicionamento interior para ubicar a UNED de Viveiro.



- Acondicionamento dos locais baleiros da planta baixa do convento para ubicar os locais das distintas cofradías de Semana Santa.  
Estes locais (donde se pretende ubicar o futuro museo) están moi solicitados polas diferentes cofradías por consideralos idóneas para o almacenaxe dos traxes e demais útiles.
- Creación do telecentro municipal.

O antigo convenio de San Francisco pasou de estar practicamente vacío e en desuso a ter ocupadas tódalas súas dependencias.

Ademais coas obras de urbanización perimetrais executadas por Mahía, vaise adecuar un acceso pola parte traseira do convento, que permitirá o acceso da xente sen ter que subir nin unha soa escaleira.

Referente ás obras do museo, a actividades que presenta neste momento o edificio plantexa a necesidade de restablecer o programa do museo, a través dos orzamentos do Estado prevé unha dotación para a redacción do proxecto, co obxectivo de facer posible todos os usos que hoxe conviven.

#### **Pregunta 5**

Faltan dúas fases de executar por Costas no arranxo do paseo de fachada, por un lado a dotación de alumeado sobre a barandilla de pedra (xa adxudicada), e por outro a demolición do Cine Orfeo co correspondente acondicionamento do solar vacante.

#### **Pregunta 6**

O Concello de Viveiro executará na anualidade 2008-2009 as seguintes obras de alcantarillado en Viveiro:

- Dotación de saneamento e pozos de bombeo no lugar de Granxas, Lavandeira e Ameixoia na parroquia de Vieiro, con cargo ó convenio con Aquagest.
- Saneamento en Granxas, Vieiro, con cargo a unha subvención xa concedida pola Xunta de Galicia.

Coa execución destas dúas obras, a parroquia de Vieiro quedará practicamente na súa totalidade dotada de rede de saneamento público.

#### **Pregunta 7**

O primeiro paso foi facer as sondaxes arqueolóxicas para garantir a importancia e necesidade de redacción do proxecto de posta en valor.

Ditas sondaxes rematáronse en setembro 2007.

Unha vez rematadas as sondaxes empezouse a redacción do proxecto de execución de "EXCAVACIÓN Y PUESTA EN VALOR DEL YACIMIENTO ARQUEOLÓGICO ROMANO-TARDIO EN LA PLAYA DE AREA; T.M. DE VIVEIRO (LUGO)", o cal se rematou en marzo de 2008.

Costas con data 17 de xuño de 2008 notifica ó Concello de Viveiro a aprobación do proxecto cunha contía de 3.223.692,13 €



Ó mesmo tempo estase a facer o expediente de expropiación de 5 fincas colindantes co xacemento.

### **Pregunta 8**

A rúa Lavandeiras e un dos eixes principais de Celeiro, a través dela dicorren as principais redes de servizo que abastecen o Porto.

Cando se iniciaron as obras o Concello de Viveiro fixo unha serie de xestións co ánimo de mellorar a calidade dos servizos na zona entre eles:

- Demoler unha antiga edificación que facía de tapón (antiga cárcere) circulatorio.
- Facilitar o paso de canalizacións da empresa "R".
- Negociar con BEGASA a necesidade de eliminar varias canalizacións incoherentes a día de hoxe e que impedían a continuidade da obra.
- Negociación con telefónica para que polo súa conta eliminasen parte do tendido aéreo.
- Establecer novos trazados de beirarrúas para poñer en sentido único o tramo que discorre entre a antiga cárcere ata a fábrica de Albo.
- Etc.....

Todas estas melloras fixeron e fan que a obra vaia máis lenta, pero o resultado final mellorará o proxecto inicial.

Todo isto explicouse aos veciños que se acercaron ó Concello para saber do estado de execución da obra.

Non obstante a empresa Alcuba, S.L., con data maio de 2008, solicitou prórroga de finalización ata o 10 de agosto de 2008, fundamentándoa no antes exposto.

### **Pregunta 9**

O muro é propiedade do patronato Santa Rita de Galdo, sendo preciso negociar con eles, o idóneo sería retiralo para dentro un pouco e así desconxestionar a saída do colexio.

En canto á herba o tractor está rozando polas parroquias de forma continuada, estará a chegarjj.

### **Pregunta 10**

- a) A obra executada corresponde aproximadamente ó 50%.
- b) A empresa emitiu unha soa certificación por importe de 13.312,80 €
- c) Para poder contratar outra empresa primeiro hai que rescindir o contrato con Egano, a día de hoxe a empresa xa se puxo en contacto co Concello e estase a realizar a certificación de obra executada ata o momento de paralización.

### **Pregunta 11**

Hemos solicitado presupostos para a súa reposición.



**Pregunta 12**

Se pode estudar todo.

**Pregunta 13**

Traerase a Pleno o acordo como as utilizacións socio-culturais previstas.

**Pregunta 14**

Está previsto igual que se fixo coa Avda. Navia Castrillón, a Avda. Cantarrana, etc., dotar a este vial donde sexa posible de beirarrúas, alumeado, etc. con cargo ás subvencións de industria para mellora de eixes comerciais.

**Pregunta 15**

Claro que está pensado, non so iso, senón que temos o proxecto para dotación de alumeado público no barrio mariñeiro de Pénjamo valorado en 178.343,46 € Dito proxecto foi enviado a Industria para conseguir unha axuda de financiación no ano 2006.

Isto tamén se fixo co barrio da Atalaia cun orzamento de 172.678,46 € e co barrio do Chao cun orzamento de 316.234,44 €

**Pregunta 16**

Se vostede quere non facemos os arranxos e esa a solución.

**Pregunta 17**

Si, de feito se inclúen nas obras de mantemento de praias que se están a executar neste momento.

**Pregunta 18**

Como xa se dixo na resposta á pregunta nº 4, o Concello garantirá o acceso a servizos sociais sen ningún tipo de escaleiras a través do acondicionamento do acceso ó interior do edificio desde unha porta existente na parte traseira do mesmo, na urbanización do edificio de Mahia.

Fai dous meses mandouse unha subvención para eliminación de barreiras arquitectónicas para acondicionar este acceso por importe de 17.000,00 €

**Pregunta 19**





O problema de non poder seguir con esta actuación e a negociación e notificación cos diferentes propietarios dos terreos que lindan con este camiño.

Neste momento xa se pode acceder con coche desde a Atalaia ás primeiras casas que lindan baixando con ese camiño.

A clara mellora que tivo este vial coa xestión e as obras feitas ata o momento por parte do Concello implica seguir coa actuación ata chegar ó Celeiriño, e poder comunicar así a Atalaia co Celeiriño.

### **Pregunta 20**

Xa hai acordo entre os catedráticos e a empresa en canto se firmen .....

### **Pregunta 21**

Resulta estraño xa que sempre convidamos a todos os grupos .....

### **Pregunta 22**

Estudiaremos, ante a falta de propostas de quen pregunta.

### **ROGOS:**

- 1.- En todo caso non se debe solicitar permiso senón emprazar a Portos para que o limpe.
- 2.- Cando se reciben os presentes rogos o escombros xa fora retirado.
- 3.- En Celeiro hai dous traballadores adicados á limpeza das rúas, cousa que antes non existía.
- 4.- Fai tempo que xa informaron os servizos municipais e se procederá na época vacacional a os arranxos oportunos.
- 5.- A Deputación xa convocou os mantementos das rúas da súa competencia no termo municipal de Viveiro.
- 6.- Forma parte do programa de actuacións do mantemento das zonas verdes do Concello.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as vinte e dúas horas e cincuenta e cinco minutos esténdendose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria, dou fe.